


COUSIÑA LINDA



ANTHONY BROWNE

SINOPSE

Unha das obras imprescindibles de Anthony Browne, un álbum tenro e con doses de humor sobre o valor da amizade e a solidariedade.

En 1974, Koko, unha gorila adestrada na Universidade de Stanford para usar a lingua de sinais, pediulles un gato aos científicos que a observaban e coidou del coma se fose o seu fillo. Uns meses despois o gato desapareceu e durante varios días Koko expresou a súa tristura a través de sinais. Este feito, que provocou a discusión sobre se outras especies poden sentir emocións humanas, serviulle de inspiración a Anthony Browne para a creación dunha das súas obras máis coñecidas.


En Cousiña Linda, como o caso real, un gorila que sabe comunicarse por sinais, e ten todo o que desexa, séntese só e decide pedirles aos seus cuidadores un pouco de compañía. Así coñece a Linda, unha gatiña coa que toma leite e mel, pasea, xoga... Xuntos son felices, mais unha noite, mentres ven unha película, o gorilaponse moi nervioso, enfurécese, e os seus cuidadores deciden separalos. Nese momento, Linda mira para o gorila e na súa reacción revélase o verdadeiro valor da amizade.

Anthony Browne sente unha gran paixón polos gorilas, e esa fascinación, que xorde do contraste entre a forza e a tenrura destes animais, reflíctese en boa parte da súa obra. Nas coloridas ilustracións deste álbum, combina elementos realistas cun toque de fantasía e humor, dando vida a dous entrañables personaxes....




Editora	KALANDRAKA
Materia	PRIMEIROS LEITORES
Colección	TRAS OS MONTES
EAN	9788413433080
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa dura
Páxinas	32
Tamaño	305x265x10 mm.
Peso	540
Prezo (Imp.inc.)	16,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	06/09/2024

Títulos relacionados




CORNELIO
LEO LIONNI



CONTOS DE RATIÑOS
ARNOLD LOBEL



UN PESADELO NO MEU ARMARIO
MAYER, MERCER



SOPA DE RATO
LOBEL, ARNOLD